



Concello de Cangas

Expediente núm.: 6788/2022

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

Asunto: ps-22/17 Selección 1 Psicólogo/a-Director/a C.I.M, Laboral fixo Grupo I

Documento: Acta cualificacións finais e proposta de contratación

ACTA II

ACTA DE CUALIFICACIÓNS FINAIS E PROPOSTA DE CONTRATACIÓN

No Concello de Cangas, a 13 de marzo de 2024 ás 11:56 horas, reúnen os integrantes do Tribunal Cualificador para valorar as alegacións e reclamacións presentadas respecto das cualificacións provisionais do concurso para cubrir unha (1) praza de persoal laboral fixo, Psicólogo/a-Director/a C.I.M., Grupo I.

Integran o Tribunal os seguintes membros:

Cargo	Identidade
Presidencia	María Idoya Chapela Silva
Secretaría	Eva María Gallego Fernández
Vogalía	Alfonso Moldes González
Vogalía	María Isabel Medraño Fariña
Vogalía	María Isabel Rodríguez Martínez

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión.

Á vista de que finalizado o prazo de cinco días hábiles non consta no expediente que se recibiran alegacións por parte dos interesados, procédese a determinar a cualificación final e a orde de puntuación segundo a base décimo primeira:

“O Tribunal determinará a cualificación final do proceso. Esta será a suma da puntuacións obtidas tras a resolución das alegacións formuladas fronte á cualificación provisional. Publicándose dita cualificación final xunto coa resolución das alegacións formuladas no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica do Concello e na páxina web municipal.

No suposto de empate na cualificación final de dúas ou máis persoas aspirantes este resolverase

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850





seguíndose a orde seguinte: en primeiro lugar a favor da persoa aspirante con máis experiencia profesional no Concello de Cangas na mesma praza/s convocada, en segundo lugar a favor da persoa con máis experiencia profesional no Concello de Cangas en praza/s do mesmo grupo/categoría e área de coñecementos que a praza/s convocada; en terceiro lugar a favor do que teña maior antigüidade no Concello de Cangas, en cuarto lugar a favor do que teña maior antigüidade total acumulada en calquera das Administracións Públicas e, de persistir o empate, en último lugar resolverase cun sorteo público entre as persoas aspirantes que continúen empatadas.

A continuación, o Tribunal fará público o resultado do proceso e elevará á Alcaldía a correspondente proposta de contratación que incluírá a persoa aspirante proposta para ser contratada como persoal laboral fixo.

A persoa que ostente a Alcaldía do Concello de Cangas ou no seu defecto a que ostente a Concellería Delegada de Persoal procederá a contratar como persoal laboral fixo á persoa candidata que obtivera a maior puntuación en función do número de prazas ofertadas especificadas nesta convocatoria, previa presentación da documentación acreditativa dos requisitos establecidos na base sexta.

Tamén se determinará as persoas aspirantes propostas para integrar a listaxe de substitucións do persoal seleccionado que estará constituída por aquelas persoas aspirantes que non obtivesen praza, por orde de puntuación.

Dita Resolución deberá ser publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra”

CUALIFICACIÓN FINAL DO PROCESO

ASPIRANTE	PUNTUACIÓN TOTAL
TENORIO GONZÁLEZ PAULA	40

Conforme a base décimo primeira da convocatoria o Tribunal acorda:

PRIMEIRO. Determinar a cualificación final do proceso:

ASPIRANTE	PUNTUACIÓN TOTAL
TENORIO GONZÁLEZ PAULA	40

SEGUNDO. Establecer definitivamente a aspirante aprobada á PAULA TENORIO GONZÁLEZ con DNI n.º ***38944*.

TERCEIRO. Elevar esta proposta á Alcaldía co obxecto de que emita resolución e formalícese o contrato como persoal laboral, en réxime de persoal laboral fixo, previa presentación da documentación acreditativa dos requisitos establecidos na base sexta.





Concello de Cangas

CUARTO. Publicar no Taboleiro de Anuncios (físico e electrónico), na páxina web e no Portal de Transparencia a presente Acta.

Sendo as 11:57 horas levántase a reunión formalizándose a presenta Acta que asinan comigo os membros do Tribunal do cal, eu, secretaria, DOU FE.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Cod. Validación: 77PGTXNGF41LRHSRKGZ079G3
Corrección: <https://cangas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850

